



ANUNCIO DO 3 DE NOVEMBRO DE 2022 DA XERENCIA DE ÁREA DA CORUÑA E CEE POLA QUE SE ABRE UN PRAZO DE INSCRICIÓN NO PROCESO DE MOBILIDADE INTERNA VOLUNTARIA NA CATEGORÍA DE ENFERMEIRA/O ESPECIALISTA EN SAÚDE MENTAL NO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA

Exposición de motivos

En data 11 de abril de 2022 publicouse o anuncio que daba publicidade á Resolución da mesma data de convocatoria do Concurso de Mobilidade Interna do Persoal Estatutario Fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, dando inicio ao prazo de presentación de solicitudes.

Por motivos técnicos na configuración do formulario electrónico de inscrición habilitado no fides non foi posible formalizar a inscrición de profesionais da categoría Enfermeira/o especialista en saúde mental.

OBXECTO

Iniciar un novo prazo de presentación de solicitudes opara a participación no procedemento de mobilidade interna no ámbito do CHUAC para a categoría profesional de Enfermeira/o especialista en saúde mental.

O prazo comezará ao día seguinte da publicación do presente anuncio, 4 de novembro e terá unha duración de 15 días naturais, rematando o 18 de novembro de 2022.

NORMAS XERAIS

O proceso rexeráse polas Bases da convocatoria do concurso de mobilidade interna do persoal estatutario fixo das categorías de persoal sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos no Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

DILIXENCIA: Para facer constar que con esta mesma data publícase a presente Resolución na páxina web do Espazo do Profesional da Área Sanitaria da Coruña e Cee.

A Coruña, 3 de novembro de 2022

Asdo.: Javier Fernández Nistal
Director de Recursos Humanos

A Coruña, 3 de novembro de 2022

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE
Área Sanitaria da Coruña e Cee

O Xerente da Área Sanitaria da Coruña e Cee

Asdo.: Luis Verde Remeseiro